

Ordenanza RAEE

ÍNDICE

Ordenanza RAEE.....	1
1. ANTECEDENTES	4
2. OBXECTO E ALCANCE.....	6
2.1 Ámbito xeográfico	6
2.2 Tipos de residuos.....	6
3. PRINCIPIOS BÁSICOS DA ORDENANZA	9
3.1 Prevención na xeración de residuos	9
3.2 Principio de xerarquía	10
3.3 Principios de proximidade e suficiencia	10
3.4 Quen contamina paga e o principio de responsabilidade do produtor	11
4. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL.....	13
4.1 Marco normativo	13
4.2 Situación actual.....	13
5. PUNTO LIMPO.....	16
5.1 Definición	16
5.2 Adaptación dos puntos limpos aos novos requirimentos de xestión dos RAEE	17
5.3 Definición dos fluxos de recollida	17
5.4 Obrigas das persoas usuarias.....	18
5.5 Deberes e responsabilidades dos produtores ou posuidores de residuos	19
5.6 Residuos admisibles e non admisibles	19
5.7 Funcionamento e xestión	20
5.8 Rexistro	21
5.9 Xestión de voluminosos	21
5.10 Destino final dos residuos	22
6. RECOLLIDA E TRATAMENTO DOS RAEE DOMÉSTICOS.....	24
6.1 Recollida de RAEE domésticos polos distribuidores.....	24
6.2 Información sobre a recollida e transporte de RAEE polos distribuidores.....	24
6.3 Recollida de RAEE domésticos a través das redes de recollida	25
6.4 Preparación para a reutilización.....	25

6.5 Xestión a través do punto limpo	26
7. OBXECTIVOS	27
8. ACTUACIÓNS	29
9. DISPOSICIÓN FINAL	31

1. ANTECEDENTES

A xestión dos RAEE é un dos principais problemas ambientais e de tratamento de residuos aos que se enfrontará a sociedade e a industria nos próximos anos. Esta problemática agrávase se temos en conta que a día de hoxe se estima que máis do 85 % dos RAEE non se recollen nin procesan de maneira selectiva.

A Comisión Europea nas súas resolucións sobre a economía circular, que ten por obxecto utilizar os recursos dunha forma máis intelixente e sustentable, propón unha serie de accións coas que contribuír a “pechar o círculo” do ciclo de vida dos produtos a través dunha maior reutilización e reciclaxe, contemplando desde a produción e o consumo ata a xestión de residuos e o mercado de materias primas secundarias.

O reto é impulsar a transición desde unha economía lineal, marcada pola máxima de “usar e tirar”, a unha circular na que os refugallos sexan reducidos ao mínimo e concibidos como recursos útiles para conservar dentro da economía. De feito, a pretensión é que os produtos se poidan volver utilizar repetidamente unha vez teñan chegado ao final da súa vida útil, creando valor, pero tamén actuando sobre o cambio climático e o medio ambiente e impulsando igualmente a competitividade mundial, o fomento do crecemento económico sustentable e a creación de emprego.

O desenvolvemento tecnolóxico e o crecemento económico-social fan que non poidamos entender a nosa vida cotiá sen multitude de aparellos eléctricos e electrónicos (AEE) de uso común hoxe en día, que simplifican as tarefas do fogar e resultan imprescindibles no traballo: trátase de electrodomésticos de todo tipo, ordenadores ou teléfonos e equipos de comunicacións en xeral. Inclúense, así mesmo, as máquinas expendedoras, os xoguets e, no ámbito dos usos profesionais, os aparellos de diagnóstico, tanto en medicina coma noutros sectores, ou os equipos de control.

Estes aparellos aparecen practicamente en todos os ámbitos da actividade humana e os avances tecnolóxicos fan que o crecemento da cantidade de residuos que se xeran como consecuencia do seu uso sexa alarmante. Segundo as estimacións da Asociación Multisectorial de Empresas Españolas de Electrónica y Comunicaciones (ASIMELEC), os residuos dos aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) xerados en España medran cada ano un 12 %, o que supón un problema ambiental importante e cuxa solución require formulacións singulares debido á súa heteroxeneidade, ás características dos seus compoñentes e á dispersión xeográfica.

A Unión Europea no ano 2002, seguindo as actuacións prioritarias establecidas no Sexto Programa de Acción Comunitario en Materia de Medio Ambiente, abordou este

problema mediante a promulgación da Directiva 2002/96/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de xaneiro de 2003, sobre RAEE, modificada no seu artigo 9 pola Directiva 2003/108/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 8 de decembro de 2003, que ten como obxectivo reducir a cantidade destes residuos e o perigo dos compoñentes, fomentar a reutilización dos aparellos e a valorización dos seus residuos e determinar unha xestión adecuada tratando de mellorar a eficacia da protección ambiental, facendo recaer esta obriga nos responsables da posta no mercado de AEE.

A posteriori, a Directiva 2002/96/CE quedou derogada e actualmente está vixente a Directiva 2012/19/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 4 de xullo de 2012 (modificación parcial da Directiva 2018/849/UE), sobre residuos de aparellos eléctricos ou electrónicos, que ten por obxecto contribuír á produción e ao consumo sustentables, de forma prioritaria, mediante a prevención da xeración de RAEE e, ademais, a reutilización, a reciclaxe e outras formas de valorización destes residuos, a fin de reducir a súa eliminación e contribuír ao uso eficaz dos recursos e á recuperación de materias primas secundarias valiosas. Así mesmo, pretende mellorar o comportamento ambiental de todos os axentes que interveñen no ciclo de vida dos AEE, coma, por exemplo, produtores, distribuidores e consumidores e, en particular, daqueles axentes directamente implicados na recollida e tratamento dos RAEE.

En España as dúas primeiras directivas plasmáronse no Real decreto 208/2005, de 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos. Con todo, a día de hoxe, o Real decreto vixente é o 110/2015, de 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, que traspón a Directiva 2012/19/UE. Ademais, existen dúas aplicacións legislativas máis a ter en conta no ámbito dos RAEE: o Real decreto 219/2013, de 22 de marzo, sobre restricións á utilización de determinadas substancias perigosas en aparellos eléctricos e electrónico; e a Lei 16/2013, de 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade ambiental e adóptanse outras medidas tributarias e financeiras, que inclúe un imposto vinculado á xestión dos gases fluorados de efecto invernadoiro contidos nos RAEE.

A Deputación Provincial de Pontevedra, co obxecto de reducir o problema ambiental e liderando xunto a outros socios, obtivo o apoio da UE na súa proposta operativa EP-INTERREG V-A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP).

A todos os une o obxectivo, entre outros, de contribuír ao uso eficiente dos recursos e reducir ao mínimo a eliminación de RAEE.

Entre as accións que se van realizar no proxecto atópase esta Ordenanza sobre a xestión sustentable de RAEE.

2. OBXECTO E ALCANCE

2.1 Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico desta Ordenanza son os termos municipais da provincia de Pontevedra que participen no citado programa europeo, así como os do norte de Portugal igualmente adheridos.

2.2 Tipos de residuos

Segundo o Real decreto 110/2015, defínense como AEE aqueles que necesitan corrente eléctrica ou campos electromagnéticos para funcionar, destinados a ser utilizados cunha tensión nominal non superior a 1.000 V en corrente alterna e 1.500 V en corrente continua, e os aparellos necesarios para xerar, transmitir e medir tales correntes e campos.

Os RAEE son os AEE, os seus materiais, compoñentes, consumibles e subconxuntos que os compoñen, que proceden tanto de fogares particulares coma de usos profesionais, a partir do momento en que pasan a ser considerados residuos.

Entenderase por RAEE de fogares particulares os que proveñen de domicilios particulares e de fontes comerciais, industriais, institucionais e doutro tipo, que pola súa natureza e cantidade son similares aos procedentes de fogares particulares. Estes residuos terán a consideración de residuos domésticos segundo a definición do artigo 3.b) da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

As categorías de AEE incluídas no anexo III do Real decreto 110/2015 son:

1. Aparellos de intercambio de temperatura con excepción de 1.1, 1.2 e 1.3

- 1.1 Aparello eléctrico de intercambio de temperatura clorofluorocarburos (CFC), hidroclorofluorocarburos (HCFC), hidrofliuorocarburos (HFC), hidrocarburos (HC) ou amoníaco (NH₃)
- 1.2 Aparello eléctrico de aire acondicionado
- 1.3 Aparello eléctrico con aceite en circuitos ou condensadores

2. Monitores, pantallas e aparellos con pantallas de superficie superior aos 100 cm²

- 2.1 Monitores e pantallas LED
- 2.2 Outros monitores e pantallas

3. Lámpadas

- 3.1 Lámpadas de descarga (mercurio) e lámpadas fluorescentes
- 3.2 Lámpadas LED

4. Grandes aparellos (cunha dimensión exterior superior a 50 cm)

Están incluídos, entre outros: electrodomésticos, aparellos de consumo, equipos de informática e telecomunicacións, luminarias, aparellos de reprodución de son ou imaxe, equipos de música, ferramentas eléctricas e electrónicas, xoguetes, equipos deportivos e de lecer, produtos sanitarios, instrumentos de vixilancia e control, máquinas expendedoras e equipos para a xeración de corrente eléctrica. Esta categoría non inclúe os aparellos contemplados nas categorías 1, 2, 3 e 7.

5. Pequenos aparellos (sen ningunha dimensión exterior superior a 50 cm)

Están incluídos, entre outros: electrodomésticos, aparellos de consumo, luminarias, aparellos de reprodución de son ou imaxe, equipos de música, ferramentas eléctricas e electrónicas, xoguetes, equipos deportivos e de lecer, produtos sanitarios, instrumentos de vixilancia e control, máquinas expendedoras e equipos para a xeración de corrente eléctrica. Esta categoría non inclúe os aparellos contemplados nas categorías 3 e 6.

6. Equipos pequenos de informática e telecomunicacións (sen ningunha dimensión exterior superior a 50 cm)

7. Paneis fotovoltaicos grandes (cunha dimensión exterior superior a 50 cm)

- 7.1 Paneis fotovoltaicos con silicio
- 7.2 Paneis fotovoltaicos con telurio de cadmio

Inclúense entre estes residuos algúns considerados “perigosos” e outros coa consideración de “non perigosos”, de conformidade coa Lista Europea de Residuos (LER). Esta lista inclúe o subgrupo 16 02, relativo aos residuos de equipos eléctricos e electrónicos, dos cales nesta Ordenanza se aborda a problemática referida aos seguintes códigos LER:

160210 Equipos desbotados que conteñen PCB ou están contaminados por eles, distintos dos especificados no 160209

160211 Equipos desbotados que conteñen clorofluorocarburos, HCFC, HFC

160212 Equipos desbotados que conteñen amianto libre

160213 Equipos desbotados que conteñen compoñentes perigosos distintos dos especificados nos códigos 16

160214 Equipos desbotados distintos dos especificados nos códigos 160209 a 160213

Inclúense, así mesmo, as seguintes categorías do grupo 20, residuos municipais (residuos domésticos e residuos asimilables procedentes dos comercios, industrias e institucións), incluídas as fraccións recollidas selectivamente:

200121 Tubos fluorescentes

200123 Equipos desbotados que conteñen clorofluorocarburos

200135 Equipos eléctricos e electrónicos desbotados, distintos dos especificados nos códigos 200121 e 200123, que conteñen compoñentes perigosos (pilas, interruptores de mercurio, vidro de tubos catódicos, outros cristais activados...)

200136 Equipos eléctricos e electrónicos desbotados, distintos dos especificados nos códigos 200121, 200123 e 210135

Para a clasificación dos RAEE o novo R. d. 110/2015 estableceu un sistema de codificación mediante un código combinado LER-RAEE. Estes códigos conteñen os seis díxitos do código LER, aos que se engaden dous díxitos máis, o que permite identificar a categoría do aparello do que procede o residuo, o tipo de tratamento específico deste e a orixe dos RAEE (doméstico ou profesional). Así mesmo, os RAEE organizáronse en fraccións de recollida en función dos grupos de almacenamento que se realizarán nos lugares de recollida. Os códigos de operacións previas á valorización e ao tratamento específico de RAEE completarán os códigos LER-RAEE. Para iso, os códigos de operacións de tratamento de RAEE desagregáronse, quedando identificadas as operacións de tratamento máis comúns en materia de RAEE cun código de cinco díxitos.

Os AEE que se comercialicen deben presentar o seguinte símbolo, estampado de maneira visible, lexible e indeleble:



3. PRINCIPIOS BÁSICOS DA ORDENANZA

Os principios nos que se basea esta Ordenanza de RAEE da Deputación de Pontevedra son, como non podería ser doutra maneira, os recollidos nas estratexias e normativas directrices comunitarias e estatais:

PRINCIPIOS	OBXECTIVOS
Prevenición	Minimización
Xerarquía	Redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización que, por esa orde, son prioritarias fronte á eliminación
Proximidade e suficiencia	Reducir os movementos de residuos e asegurar a dispoñibilidade de infraestruturas para o tratamento destes
Quen contamina paga	Internalización dos custos de xestión dos residuos no ciclo do produto
Responsabilidade do produtor	Asegurar a correcta xestión dos residuos, que recae sobre o responsable da posta no mercado do produto do que deriva o residuo

3.1 Prevenición na xeración de residuos

Reducir a cantidade de residuos que se producen nunha actividade implica a adopción de medidas organizativas e operativas que permitan diminuír ata niveis económica e tecnicamente factibles a cantidade e perigo dos residuos e contaminantes xerados. As técnicas de minimización son aplicables, en principio, a calquera proceso produtivo e non necesitan estar baseadas en tecnoloxías punta ou requirir grandes investimentos; moitas destas técnicas supoñen unicamente simples modificacións no manexo de materiais ou boas prácticas de mantemento e operación. A minimización concrétase, no caso dos RAEE, na adopción de medidas que conduzan a:

Previr e evitar a xeración do residuo por medio de:

- Modificación dos procesos produtivos: deseño e fabricación de equipos con maior durabilidade e capacidade de adaptación ás novas prestacións que o usuario demanda
- Hábitos de consumo: non refugar os aparellos porque aparezan no mercado outros con maiores prestacións, senón só cando estas prestacións sexan necesarias para o seu uso

A redución da cantidade de residuos que se producen é un obxectivo que implica a todos os axentes que interveñen no ciclo de vida dos produtos que se convierten en residuos. No caso dos AEE o fabricante é o máximo responsable, deseñando o produto de forma que aumente o seu período de vida útil e a súa capacidade para ser reciclado e evitando a posta no mercado de novos produtos, non sempre con mellores prestacións pero que incitan ao consumo.

A persoa usuaria é a seguinte na pirámide da responsabilidade, que coas súas prácticas de consumo pode evitar a xeración de residuos simplemente por desbotar equipos en bo estado para substituílos por outros máis modernos.

3.2 Principio de xerarquía

Non sempre é posible evitar a xeración do residuo. É necesario, nese caso, darlle un tratamento adecuado. Por iso, establécese a orde na xerarquía de opcións de xestión: redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización, por esa orde. Só cando non sexa posible a xestión dos residuos a través dos sistemas anteriormente citados, procederase á súa eliminación.

O obxectivo que se debe cumprir neste caso é asegurar unha xestión dos residuos eficiente dirixida a maximizar a valorización material destes fronte á enerxética e esta fronte á eliminación dos residuos, a través dunha clasificación exhaustiva en orixe e unha actividade eficiente dos xestores. A eliminación, como sistema de xestión, debe quedar limitada a aqueles residuos non susceptibles de ser valorizados.

No caso dos RAEE o potencial de reciclaxe das súas pezas é moi alto e, polo tanto, unhas adecuadas operacións de desmonte poden incrementar as taxas de reutilización destes e de reciclaxe dos materiais que os compoñen.

3.3 Principios de proximidade e suficiencia

A política comunitaria propugnou desde os seus inicios a importancia de que o conxunto da Unión Europea sexa capaz de garantir a eliminación dos seus residuos e de que cada Estado membro, de forma individual, tenda a este obxectivo. Así mesmo, establece a conveniencia de reducir os movementos de residuos e a necesidade de que os Estados membro adopten medidas neste sentido no marco dos seus plans de xestión.

En liña con estas directrices, é obxectivo das entidades locais asegurar a dispoñibilidade de infraestruturas suficientes e adecuadas que permitan minimizar o

traslado dos RAEE desta provincia a outras rexións para o seu tratamento. Os residuos deberán xestionarse o máis preto posible do lugar onde se xeren. O cumprimento destes obxectivos non debe, con todo, excluír a indispensable cooperación entre comunidades autónomas e con outros países da Unión Europea e non se aplicará cando o residuo se xere en cantidades tales que non xustifiquen a implantación dunha instalación para o seu tratamento.

Para dar cumprimento a isto hase de ter en conta o principio de flexibilidade e multiplicidade de solucións, segundo o que para cada residuo industrial poden existir varias alternativas de xestión ambientalmente aceptables, polo que todas as solucións deberán ser tomadas en consideración e, en cada caso, a máis adecuada virá determinada por criterios tecnolóxicos e económicos. Do mesmo xeito, cada alternativa de tratamento pode dar solución a máis dun tipo de residuos, aspecto relevante que se debe ter en conta na decisión de implantación dunha instalación de tratamento de residuos. Polo tanto, as solucións propostas deben ser flexibles e non únicas, de maneira que se facilite ao máximo a súa adaptación á evolución da xeración de residuos.

Con todo, considérase necesario que a entidade local conte con instalacións para o aproveitamento dos recursos contidos nos mesmos, especialmente nos compoñentes metálicos e plásticos.

3.4 Quen contamina paga e o principio de responsabilidade do produtor

O principio quen contamina paga, emanado das directrices comunitarias, recóllese expresamente na normativa estatal reguladora da produción e a xestión de residuos:

“Os custos relativos á xestión dos residuos terán que correr a cargo do produtor inicial de residuos, do posuidor actual ou do anterior posuidor de residuos de acordo co establecido nos artigos 42 e 45.2” (artigo 11 da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados).

“Os custos relativos á súa xestión terán que ser sufragados, parcial ou totalmente, polo produtor do produto do que proceden os residuos e cando os distribuidores do produto poderán compartir devanditos custos” (artigo 11 da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados).

Ademais, a responsabilidade ampliada do produtor, neste caso, pretende estimular a prevención, o ecodeseño e a reciclaxe dos AEE. Ao vincular a ou ao fabricante no financiamento da xestión dos residuos incentívanse mellores deseños dos AEE que faciliten o desmonte, a reparación ou a reciclaxe ou o aumento do seu nivel de vida (evitando a obsolescencia programada) e que, xunto coa incorporación dun menor

contido en substancias perigosas, abaraten e melloren a xestión dos residuos, sendo esta función o alicerce da responsabilidade ampliada do produtor.

Os fabricantes poden cumprir con esta obriga a través de sistemas individuais ou colectivos de responsabilidade ampliada que constitúan para o efecto. Estes deberes son, fundamentalmente, relativos á prevención e posta no mercado, á recollida dos RAEE a través das súas propias redes cando cumpra e ao cumprimento, como mínimo, de determinados obxectivos de recollida, asumindo, en calquera caso, que se trata de obxectivos mínimos. Igualmente organizarán a xestión dos RAEE da súa competencia. Así mesmo, financiarán o relativo á recollida e xestión de RAEE que lles corresponda sexa cal sexa a orixe.

Na actualidade hai autorizados en Galicia os seguintes sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produtor (SCRAP):

- ECOTIC
- ECO-RAEE
- ERP
- ECOLEC
- ECOASMELEC
- ECOFIMÁTICA (unicamente se ocupa de equipos informáticos e telecomunicacións)
- AMBILAMP (só se ocupan de aparellos de iluminación)
- ECOLUM (só se ocupan de aparellos de iluminación)

4. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL

Neste apartado analízase a situación actual en canto á xestión de RAEE no ámbito provincial, identificando o marco normativo existente e a problemática de xestión que nestes momentos nos atopamos.

4.1 Marco normativo

A regulación xeral en materia de residuos que, polo tanto, se aplica tamén aos RAEE é a seguinte:

- Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 19 de novembro de 2008, sobre residuos e pola que se derrogan determinadas directivas
- Directiva 2012/19/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 4 de xullo de 2012, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE), (modificación parcial da Directiva 2018/849/UE)
- Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados
- Real decreto 110/2015, de 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos
- Real decreto 180/2015, de 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio español
- Programa estatal de prevención de residuos 2014-2020
- Plan estatal marco de xestión de residuos (PEMAR) 2016-2022
- Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022
- Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022

4.2 Situación actual

O Real decreto 110/2015, de 20 de febreiro, prioriza a prevención da xeración de RAEE, establecendo que a ou o usuario, cando sexa posible, destinará os aparellos usados a un segundo uso, desbotándoos como residuos cando estean inutilizables, por falta de compoñentes esenciais ou por danos estruturais dificilmente reparables, entre outras causas. No primeiro caso alóngase a vida útil do aparello; polo tanto, prímase a prevención debido a que non se xera o residuo. No segundo caso, unha vez convertido o aparello en residuo o Real decreto outorga especial relevancia á etapa da recollida, establecendo novas opcións respecto ao modelo anterior e introducindo como opción prioritaria na xestión destes residuos a súa preparación

para a reutilización, operación de valorización establecida na Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados. Desta forma, tamén na etapa de xestión do residuo se prima a súa preparación para volver introduci-lo no mercado fronte á súa reciclaxe ou outras formas de valorización.

O Real decreto 208/2005 establecía que os produtores de AEE son responsables da xestión dos RAEE xerados como consecuencia dos AEE postos no mercado; e que os usuarios podían ben entregar os seus RAEE directamente aos distribuidores ao comprar un aparello novo equivalente, ou ben depositalos nos puntos limpos. A experiencia desde a publicación deste Real decreto indica que se utilizaron outras vías de xestión fóra do ámbito de actuación dos produtores e das entidades locais.

O Real decreto 110/2015 permite a entrega de RAEE domésticos por parte das e dos usuarios en distintos puntos de recollida organizados, ben polas entidades locais, polos distribuidores, polos xestores de residuos, ben polos propios produtores.

No novo modelo de xestión os distribuidores, ao comercializar un produto, independentemente de que o realicen como venda presencial ou a distancia, forman parte do ciclo de vida dos AEE, tendo polo tanto que cumprir coas súas obrigas en relación coa xestión dos RAEE. Do mesmo xeito que no modelo anterior e con independencia da superficie da zona de venda, os distribuidores deben aceptar a entrega dun RAEE de tipo equivalente de forma gratuíta para o usuario cando adquira un novo AEE doméstico. Ademais, no novo modelo establécese a obriga para aqueles distribuidores que teñan unha zona de venda de AEE cun mínimo de 400 m² de recoller os RAEE moi pequenos (ningunha dimensión exterior é superior a 25 cm), de forma gratuíta para as e os usuarios e sen a obriga de comprar un AEE de tipo equivalente.

Desde os puntos de entrega descritos anteriormente, os RAEE trasládanse a instalacións de xestión de residuos que os clasifican e/ou almacenan. En función do estado de conservación do aparello pode destinarse a operacións de preparación para a reutilización, como limpeza, detección de avarías e reparación, todo iso co fin de volver poñelo no mercado. No caso de que o estado do aparello non permita a súa preparación para a reutilización, este destínase a outras formas de valorización, someténdoo ao tratamento específico que lle corresponda segundo a súa natureza.

Os RAEE considerados perigosos, pola presenza dalgún ou varios compoñentes que lles confiren estas características, sométense en primeiro lugar á súa descontaminación, e os compoñentes extraídos sométense a un tratamento selectivo acorde coa súa natureza. No proceso de descontaminación procédese a retirar todo tipo de fluídos, incluídos aceites, lubricantes ou outros, definidos no Real decreto.

Despois da descontaminación, dado o caso, e do desmorte os residuos sométense a procesos mecánicos de trituración ou fragmentación, xerándose diferentes materiais e fraccións que se destinan a operacións de reciclaxe e valorización e, en última instancia, o material rexeitado elimínase en vertedoiro. Os procedementos para o tratamento específico de RAEE dependen do tipo de residuo. A parte G do anexo XIII do Real decreto 110/2015 detalla as operacións de tratamento que deben levarse a cabo.

En relación ao número de instalacións de tratamento autorizadas –cuxa capacidade se refire aos residuos domésticos e industriais, que inclúen todas as instalacións que tratan os RAEE nalgunha das súas fases, excepto as codificadas como operación de tratamento R1201 (clasificación, separación ou agrupamento de RAEE)– segundo o anexo XVI do Real decreto 110/2015, de 20 de febreiro, na actualidade existen para toda Galicia 17 instalacións cunha capacidade máxima de 201.924 (t/a). Estas atópanse distribuídas da seguinte maneira: 14 na Coruña, 2 en Pontevedra e 1 en Lugo.

5. PUNTO LIMPO

5.1 Definición

Para os efectos desta Ordenanza, enténdese por punto limpo a instalación pechada e controlada cuxa titularidade corresponde a unha entidade local, debidamente autorizada para ser utilizada para a recollida selectiva de residuos urbanos que non son obxecto de recollida no fogar, e nos que a ou o usuario deposita os residuos por separado para facilitar a súa recuperación, reciclaxe ou eliminación posterior.

- O punto limpo é unha instalación libre onde a recepción, previamente seleccionada, se leva a cabo con certos tipos de refugallos domésticos que pola súa natureza non son o obxecto habitual do servizo ordinario de recolección.
- Constitúe un desenvolvemento do sistema de recollida selectiva e un centro de recepción, almacenamento, selección e avaliación de residuos domésticos que non teñen recollida diaria ou doméstica. En ningún caso é un vertedoiro, senón un lugar onde os refugallos se almacenan temporalmente, se seleccionan e posteriormente se transfíren a outros lugares a través de transportistas e axentes autorizados.
- O sistema de recollida a través do punto limpo ten como obxectivo final previr as consecuencias negativas que poderían xerar estes residuos, coñecidos como "perigosos do fogar" ou por contaminación secundaria dos seus subprodutos, e servir á cidadanía como o centro de contribución voluntaria para a recolección selectiva de refugallos producidos no ámbito doméstico.
- Tamén responden a unha serie de obxectivos secundarios:
 - Evitar a descarga incontrolada de grandes refugallos que non se poden eliminar a través dos servizos convencionais de recolección de lixo
 - Evitar o derrame de cascallos e outros no contorno natural, rural e urbano do territorio
 - Aproveitar os materiais contidos nos residuos domésticos que se poden reciclar directamente e lograr aforros en materiais e enerxía, así como tratar ou eliminar residuos
 - Separar os residuos perigosos que se xeran nos fogares para evitar a súa eliminación conxunta co resto dos residuos domésticos ou mediante a eliminación da rede de saneamento, o que implica risco para os operadores destes servizos, danos ás instalacións para o seu tratamento ou eliminación e contaminación do medio ambiente

- Os puntos limpos serán xestionados polas entidades locais ou a través da concesionaria respectiva, reservándose a capacidade de supervisión
- Os puntos limpos abriranse un mínimo de dous días á semana de mañá e tarde, no horario prefixado que se dará a coñecer a todas as persoas usuarias polos medios apropiados
- Os servizos provistos polos puntos limpos son:
 - Recepción dos residuos previamente clasificados pola persoa usuaria para o seu posterior transporte e as instalacións adecuadas para o seu tratamento
 - Control dos residuos que se depositan
 - Mantemento e xestión de instalacións pertencentes ao punto limpo
 - No caso dos RAEE, clasificación previa daqueles susceptibles de reutilización

5.2 Adaptación dos puntos limpos aos novos requirimentos de xestión dos RAEE

Todos os centros que se adhiran deberán contar cun equipamento mínimo de:

- Báscula (1)
- Gaiolas acumulables (4) de 150 x 150 x 100
- Contedores (4 por centro)
- Palés (10)
- Estantes metálicos
- Sistema de control de acceso
- Impresora de etiquetas
- Equipo informático (CPU con monitor e teclado)
- Soleira en formigón
- Instalación eléctrica

Todo iso necesario para proceder á selección e poder manter en bo estado os RAEE que poidan ser reutilizados.

5.3 Definición dos fluxos de recollida

- Fluxo de voluminosos e de aparellos eléctricos e electrónicos: está constituído por aqueles residuos domésticos que polo seu tamaño non poden ser depositados nos colectores de resto nin nos de recollida selectiva. Inclúense os seguintes:

- Aparellos eléctricos e electrónicos de liña branca: electrodomésticos relacionados cos labores domésticos de conservación de alimentos e acondicionamento térmico (lavadoras, frigoríficos, secadoras e outros)
- Aparellos eléctricos e electrónicos de liña marrón: aparellos audiovisuais (televisores ou estéreos, entre outros)
- Aparellos eléctricos e electrónicos de liña gris: equipos de información e telecomunicación (ordenadores, impresoras etc.)
- Baterías de automóbil
- Fluorescentes

5.4 Obrigas das persoas usuarias

- Son persoas usuarias do punto limpo todas e todos os habitantes de dereito e persoas xurídicas dos concellos que estean adheridos a esta Ordenanza e que desexen depositar os seus refugallos domésticos de maneira selectiva.
- O punto limpo é un servizo deseñado para manexar refugallos de fogares domésticos, nunca refugallos industriais ou actividades produtivas.
- Tamén está permitido o uso dos pequenos produtores de residuos considerados por lei como domésticos, é dicir, pequenas empresas, oficinas e servizos. Tamén se inclúen os residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, praias e zonas de recreo, así como os cascallos das obras menores e os residuos da construción e a reparación de vivendas (xustificadas con licenza municipal).
- O punto limpo estará dispoñible para aquelas persoas usuarias que, en calquera caso, subministren volumes de refugallos que non excedan os valores prefixados.
- Non está permitido a súa utilización para residuos especiais de medianos e grandes produtores de residuos, que deben xestionar estes residuos de conformidade coa normativa vixente, especialmente en referencia a todos os residuos perigosos.
- En calquera caso, a entrega de residuos especiais en puntos limpos non exime aos pequenos produtores de residuos de cumprir coas súas obrigas de xestión a través de xerentes autorizados e da posesión de documentos que demostren a súa entrega, de conformidade coas disposicións da normativa autonómica.
- Todos os posuidores de AEE, no momento de desprenderse destes, están obrigados á súa entrega de maneira que se poida optar á súa recuperación a través das canles indicadas no punto 6 desta Ordenanza.
- Está estritamente prohibido fumar nas instalacións de punto limpo.

5.5 Deberes e responsabilidades dos produtores ou posuidores de residuos

- Os produtores ou posuidores de residuos domésticos e asimilables, cuxa xestión obrigatoria corresponda ás entidades locais e, polo tanto, ao servizo municipal, están obrigados a poñelos á súa disposición para proceder á súa reciclaxe, valorización ou eliminación e ao pago, no seu caso, das correspondentes taxas, de conformidade coa Ordenanza fiscal.
- O servizo municipal realizará as operacións de xestión a través de empresas concesionarias ou mediante calquera outra forma de xestión directa ou indirecta dos servizos públicos.
- Mentres se atopan no seu poder, os posuidores de residuos domésticos e asimilables están obrigados a almacenalos nas debidas condicións de seguridade e hixiene que non supoñan ningún risco ou produzan molestias por cheiros, insectos, lixiviados, dispersión ou calquera outra causa, cumprindo coa lexislación sanitaria correspondente.
- Para a súa correcta xestión os produtores ou posuidores de residuos domésticos e asimilables deberán separar en orixe as fraccións residuais sinaladas nos artigos anteriores ou as que se poidan establecer no futuro.
- Os posuidores de residuos domésticos e asimilables, cuxa xestión obrigatoria corresponda ao servizo municipal e que os entreguen a un terceiro, serán responsables solidarios con ese terceiro de calquera prexuízo que se puidese derivar.
- O produtor ou xerente que efectuase a entrega será o responsable dos danos que se produzan nas distintas operacións de xestión como consecuencia das malas prácticas na entrega dos residuos ou da falta de información sobre as características dos produtos entregados.
- Todos aqueles AEE susceptibles de seren reutilizados deberán entregarse ao distribuidor ou no punto limpo, sen que poidan depositarse na vía pública.

5.6 Residuos admisibles e non admisibles

Os residuos admisibles polo punto limpo son os seguintes:

- Vidro
- Papel e cartón
- Briks
- Latas e envases
- Madeira
- Metais (aluminio, ferro, cobre, bronce, aceiro inoxidable e outros)

- Plásticos
- Têxtil
- Electrodomésticos
- Utensilios do fogar, mobles, colchóns, somieres, caixas, portas, marcos e outros
- Cascallos de pequenas reparacións do fogar
- Pneumáticos
- Teléfonos móbiles, ordenadores, televisores, frigoríficos e residuos de aparellos eléctricos e electrónicos en xeral
- Aceites vexetais de cociña e aceites minerais
- Baterías de automóbiles
- Disolventes
- Pilas
- Aerosois
- Radiografías
- Fluorescentes
- Pinturas

Por outra banda, os residuos non admisibles no punto limpo son:

- Materiais sen clasificar
- Residuos infecciosos, clínicos, biosanitarios, entre outros
- Residuos radioactivos
- Residuos industriais de empresas
- Residuos agrícolas e gandeiros
- Residuos xerados por actividades mineiras ou extractivas
- Produtos procedentes de comisados
- Medicamentos e os seus envases
- Recipientes voluminosos metálicos ou plásticos de aproximadamente 25 litros ou superiores que contivesen produtos tóxicos ou perigosos
- Calquera outro residuo que non se enumere na lista de residuos admisibles e que sexa facilmente identificable

5.7 Funcionamento e xestión

- A transferencia ao punto limpo correrá a cargo do produtor ou posuidor do residuo.
- Antes de proceder ao depósito dos refugallos cada usuaria ou usuario debe declarar o contido do que desexa entregar co fin de controlar o derrame. O operador do centro, tendo en conta a carga declarada e a lista de residuos

permitidos, indicará a súa aceptación ou rexeitamento. As e os usuarios do punto limpo deben seguir as instrucións do operador central.

- No punto limpo os refugallos só se poden depositar nas cantidades estipuladas na Ordenanza.
- O depósito de residuos levarase a cabo pola persoa usuaria das instalacións nos contedores indicados polo operador. Para que o depósito sexa correcto é necesario que as e os usuarios agreguen os residuos previamente separados e os depositen nos contedores específicos para cada un deles.
- O encargado do punto limpo supervisará as operacións de depósito dos residuos para comprobar que se depositan de forma exitosa e non están mesturados con residuos tóxicos e perigosos, tendo a capacidade de rexeitar o depósito destes. Tamén se efectuará unha inspección sistemática e visual en todos os contedores para evitar o depósito de residuos líquidos.
- Cando se trate dun RAEE a entrega realizarase ao persoal encargado manifestando a súa condición de AEE usado con destino a reutilización (segunda man).

5.8 Rexistro

- O servizo, a través da propia entidade local ou da concesionaria, se a houbese, creará un rexistro de entrada en cada un dos puntos limpos. Todas as operacións de depósito de refugallos no punto limpo serán rexistradas obrigatoriamente.
- Os datos persoais da ou do usuario deben rexistrarse: DNI, recibo do pago da tarifa de xestión de residuos e os datos referentes aos residuos entregados (doméstico ou profesional). O operador do punto limpo emitirá xustificantes a quen realice a entrega (artigo 20 do R. d. 110/2015).
- Todos os datos están suxeitos á normativa xeral de protección de datos persoais, sen poder ser utilizados para fins que non sexan o servizo en si.
- A reiteración no uso do punto limpo obrigará a unha análise por parte dos técnicos do servizo para determinar un uso inadecuado por depósito de residuos de orixe non doméstica.

5.9 Xestión de voluminosos

- Enténdese por voluminosos os residuos integrados por electrodomésticos, mobles, colchóns, somieres e trastes vellos procedentes das actividades domésticas de reparación ou substitución do equipamento da vivenda e que, polo seu tamaño ou características morfolóxicas especiais, non poden ser

- retirados polo servizo de recollida convencional, sendo necesario un servizo de recollida específico.
- As persoas que desexen desprenderse de residuos domésticos voluminosos poden facer uso de:
 - Puntos limpos, cando existan, de maneira gratuíta, nos horarios de atención ao público para esta clase de residuos
 - O servizo especial de recollida de voluminosos regulado no punto seguinte e que implica a recollida destes residuos na vía pública, previa comunicación á empresa concesionaria
 - Queda expresamente prohibido o depósito destes residuos na vía pública sen comunicación previa no teléfono de atención cidadá disposto para tal fin. Este feito será considerado como falta grave.
 - Como regra xeral só se permite o depósito diario de tres unidades por cada posuidor de calquera destes residuos.
 - O usuario do servizo colocará os residuos sobre a beirarrúa, á beira dos contedores colectivos máis próximos e nos horarios acordados co servizo, para que poidan ser retirados.
 - Calquera posuidor destes residuos que desexe utilizar o servizo deberá chamar ao teléfono de atención cidadá indicando o seu nome, domicilio, teléfono de contacto e a descrición dos residuos que desexa depositar na vía pública. O tempo máximo de espera non será superior a unha semana e mesmo as frecuencias de recollida deberán incrementarse na tempada estival se fose necesario.
 - As persoas usuarias do teléfono de atención cidadá serán informadas do día e da hora para depositar o residuo, en función da zona á que pertenza.
 - Os residuos voluminosos procedentes de actividades comerciais, de servizos ou doutros establecementos públicos ou privados non poderán utilizar este servizo sen a autorización expresa do servizo municipal e/ou deberán ser entregados a un xestor autorizado. O Concello poderá solicitar documentación acreditativa da adecuada xestión dos RAEE.
 - En caso de considerarse un RAEE destinado á reutilización unicamente se poderán entregar directamente no punto limpo para evitar a súa deterioración.

5.10 Destino final dos residuos

- O destino final dos residuos admitidos no punto limpo será xestionado polo servizo segundo o indicado pola lexislación vixente e da forma máis correcta, dependendo da natureza destes. Este destino pode ser modificado polo

servizo sempre que se melloren as condicións para a reciclaxe ou o tratamento.

- O servizo pode autorizar, discrecionalmente, a eliminación do material do punto limpo, suxeito a autorización, coas condicións que considere apropiadas.
- Os refugallos tóxicos e perigosos transferiranse a un administrador autorizado antes do documento de aceptación.
- O transporte de residuos tóxicos e perigosos será realizado, aplicando a lexislación actual, por un transportista autorizado e rexistrado no Rexistro de transportistas de residuos perigosos.
- O uso indebido das instalacións, os actos que causen danos á infraestrutura, os mobles ou as instalacións e o abandono dos residuos na entrada do punto limpo serán sancionados de acordo coa lexislación vixente.

5.11 Cantidades máximas que se poden depositar

As cantidades máximas que se poden depositar nos puntos limpos por cada usuaria ou usuario e visita son as seguintes:

- Residuos perigosos do fogar (disolventes, pinturas, sprays, radiografías, termómetros): 5 unidades de cada tipoloxía
- Fluorescentes: 4 unidades
- Mobles e utensilios do fogar (colchóns, somieres, mesas, estantes, cadeiras etc.): 2 unidades de cada tipoloxía
- Electrodomésticos (frigoríficos, lavadoras etc.): 1 unidade de cada tipoloxía
- Móviles, ordenadores e AEE: 1 unidade de cada tipoloxía
- Cascellos de obras domiciliarias menores (segundo licenza municipal): 4 sacos. Para os efectos desta Ordenanza, enténdese por saco aquel que pode ser cargado por unha única persoa sen axuda
- Residuos de podas e segas domésticas: máximo mensual de 2.160 litros ou o equivalente a 6 contedores de materia orgánica de 360 litros. Por encima desta cantidade será obriga do produtor a contratación dun xestor
- Pilas, acumuladores e baterías: sen límite
- Baterías de automóbiles: 1 unidade
- Aceite vexetal de cociña e aceite de automóbiles: 10 litros
- Filtros de aceite: 2 unidades
- Palés de madeira: 2 unidades
- Roupas e téxtiles: 2 bolsas

As cantidades máximas anuais que se poden depositar pola persoa usuaria non poderán ser superiores ao dobre das indicadas por visita.

6. RECOLLIDA E TRATAMENTO DOS RAEE DOMÉSTICOS

6.1 Recollida de RAEE domésticos polos distribuidores

Os distribuidores, con independencia da superficie da zona de venda, aceptarán, cando as e os usuarios adquiren un novo AEE doméstico, a entrega, polo menos de forma gratuíta, dun RAEE de tipo equivalente ou que realizase as mesmas funcións que o aparello que se adquire. Os distribuidores deberán cumprir con esta obriga cando o RAEE sexa entregado pola persoa usuaria no punto de venda do distribuidor, así como cando esta realice esa entrega no fogar ao subministrarlle un novo AEE.

No caso de que a entrega do RAEE non se realice no mesmo momento da compra do novo AEE, os distribuidores indicarán por escrito o prazo en que a ou o usuario poderá depositar o RAEE no punto de venda, presentando a factura de compra correspondente do AEE novo. Este prazo non poderá ser inferior a trinta días naturais.

Os distribuidores cunha zona destinada á venda de AEE cun mínimo de 400 m² deberán prever a recollida nos seus puntos de venda de carácter comerciante polo miúdo, ou na súa proximidade inmediata, de RAEE moi pequenos de modo gratuíto para as e os usuarios finais e sen obriga de comprar un AEE de tipo equivalente.

6.2 Información sobre a recollida e o transporte de RAEE polos distribuidores

No caso de que a entrega do RAEE se realice no momento da compra dun novo AEE os distribuidores emitirán un xustificante ou albarán de recollida e entregarán unha copia á ou ao usuario. O albarán incluírá a data da entrega, o tipo de aparello entregado, a marca, o número de serie, se é posible, e a información subministrada pola usuaria ou usuario sobre o seu posible destino para preparación para a reutilización ou reciclaxe.

Nas entregas de AEE a domicilio, incluíndo a venda a distancia, o distribuidor facilitará ao transportista o xustificante ou albarán sobre a recollida de RAEE que, no seu caso, se poida realizar en cada entrega. Con esta finalidade, o distribuidor solicitará información ao comprador sobre a súa intención de entregar un RAEE equivalente ao AEE que se adquire. No momento da recollida do RAEE no fogar o

xustificante ou albarán será completado coa información prevista no apartado anterior e coa firma do comprador. En caso de que o comprador renuncie á entrega do RAEE que comunicou que ía entregar, deberá facer constar expresamente dita renuncia no xustificante ou albarán mencionado do transportista.

Os traslados dos RAEE desde os fogares ou desde a tenda do distribuidor á plataforma loxística, loxística inversa ou, no seu caso, ás instalacións das entidades locais acompañaranse do xustificante ou albarán previsto nos apartados anteriores, no que se acreditarán os RAEE que se trasladan. Este desprazamento de RAEE poderá ser realizado polos transportistas que subministren os novos AEE; cumprirán as condicións de transporte do artigo 17 e non lle será de aplicación a regulación do Real decreto de traslados.

6.3 Recollida de RAEE domésticos a través das redes de recollida

Os produtores de AEE, a través dos sistemas individuais ou colectivos de responsabilidade ampliada do produtor previstos no capítulo VIII, poderán establecer redes de recollida dos RAEE de orixe doméstica dos produtos e marcas postos por eles no mercado despois de agosto de 2005, así como dos residuos históricos.

As autoridades competentes, motivadamente, para lograr o adecuado cumprimento dos obxectivos comunitarios, por insuficiencia de recollida en determinadas zonas, polas características específicas ou perigo dos residuos, poderán esixir aos produtores a previsión de que se establezan as redes de recollidas necesarias en determinadas zonas ou para determinadas categorías e subcategorías de RAEE.

Os produtores de AEE informarán ás administracións públicas sobre as redes de recollida e, cando así se requirise, informarán sobre a localización, os tipos de residuos que recollen, a capacidade de recollida e os xestores encargados da recollida e o tratamento.

6.4 Preparación para a reutilización

A preparación para a reutilización levarase a cabo nas etapas máis próximas á recollida inicial por xestores autorizados segundo os requisitos previstos no anexo IX. Para iso, as e os usuarios poderán entregar os RAEE directamente aos propios centros de preparación para a reutilización, ou poderán ser revisados e clasificados nas instalacións de recollida tal e como se establece no artigo 18 do R. d. 110/2015 ou o que o substitúa.

No ámbito da contratación pública e, especialmente, nas materias relacionadas coa preparación para a reutilización, as administracións públicas competentes poderán

establecer cláusulas sociais para os xestores de RAEE, de conformidade coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro.

As autoridades competentes farán públicos os centros de preparación para a reutilización autorizados dentro do seu ámbito territorial.

6.5 Xestión a través do punto limpo

O punto limpo deberá recepcionar os RAEE de forma que se poidan clasificar en reutilizables ou non reutilizables.

A entrega por parte da usuaria ou usuario nunca poderá ser mediante a súa colocación na vía pública, salvo que o seu estado permita valoralo como non reutilizable.

A entrega dun RAEE clasificado como reutilizable deberá ser confinada nun espazo pechado e en estantes metálicos para a posterior entrega a entidades autorizadas para a súa reutilización.

7. OBXECTIVOS

Esta Ordenanza asume como propios os obxectivos mínimos cuantitativos establecidos no Real decreto 110/2015, os cales figuran nas seguintes táboas.

Recollida de RAEE domésticos e profesionais por categoría	Data límite de cumprimento
65 % da media do peso de AEE introducidos no mercado español nos tres anos anteriores, ou ben, 85 % dos RAEE xerados unha vez establecido o método de estimación da xeración de ditos residuos pola CE	31 de decembro de cada ano a partir de 2019

Preparación para a reutilización e reciclaxe	Data límite de cumprimento
Para os RAEE incluídos nas categorías 1, 4 ou 7 do anexo III preparárase unha reutilización e reciclárase un 80 %	A partir de 15/8/2018
Para os RAEE incluídos na categoría 2 do anexo III preparárase unha reutilización e reciclárase un 70 %	A partir de 15/8/2018
Para os RAEE incluídos na categoría 3 do anexo III reciclárase un 80%	A partir de 15/8/2018
Para os RAEE incluídos nas categorías 5 ou 6 do anexo III preparárase para a reutilización un 55 %	A partir de 15/8/2018

Valorización	Data límite de cumprimento
Para os RAEE incluídos nas categorías 1, 4 ou 7 do anexo III valorizárase un 85 %	A partir de 15/8/2018
Para os RAEE incluídos na categoría 2 do anexo III valorizárase un 80 %	A partir de 15/8/2018
Para os RAEE incluídos nas categorías 5 ou 6 do anexo III valorizárase un 75 %	A partir de 15/8/2018

Preparación para a reutilización de residuos de aparellos enteiros	Data límite de cumprimento
Para os RAEE incluídos nas categorías de recollida 4 do anexo VIII, un obxectivo mínimo do 3 % respecto a os RAEE recollidos nesa fracción	A partir de 15/8/2018
Para os RAEE incluídos na fracción de recollida 6 do anexo VIII, un obxectivo mínimo do 4 % respecto a os RAEE recollidos nesa fracción	A partir de 15/8/2018

Por outra banda, establécense tamén os seguintes obxectivos:

- Reducir a xeración de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos na provincia de Pontevedra
- Mellorar a recollida separada dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos na provincia de Pontevedra
- Mellorar o tratamento dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos

8. ACTUACIONES

Para o cumprimento dos obxectivos previstos nesta Ordenanza a entidade local adoptará as medidas que se indican a continuación:

1. Fomento da prevención:

- a) Realización de actividades informativas dirixidas á cidadanía e ás actividades económicas para promover un uso responsable dos AEE e fomentar a introdución dos aparellos usados nas canles de venda de segunda man en lugar de desbotalos como residuo así como a compra de aparellos de segunda man.
- b) Fomento da compra e uso dos aparellos procedentes da preparación para a reutilización de RAEE mediante a realización de actividades informativas dirixidas tanto á cidadanía como ás actividades económicas.
- c) Inclusión na contratación pública de cláusulas que favorezan a compra de aparellos de segunda man ou de aparellos procedentes da preparación para a reutilización de RAEE, cando sexa posible.
- d) Promoción da reutilización de aparellos retirados de determinados servizos públicos que poidan ser aproveitados noutros servizos dentro da propia administración ou noutros ámbitos, evitando, polo tanto, ser desbotados como residuos.

2. Mellora da recollida separada:

- a) Promoción da subscripción dun novo convenio marco entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e os SCRAP para dar solución á xestión e financiamento dos RAEE de orixe doméstica, así como o fomento da adhesión a este das entidades locais.
- b) Implantar e garantir a dispoñibilidade e accesibilidade dos sistemas (puntos limpos) que fagan posible a recollida separada dos RAEE domésticos. As entidades locais poderán aplicar unha ou varias das seguintes opcións:
 - i. Recollida a porta pechada
 - ii. Habilitación de instalacións de almacenamento ou puntos limpos, fixos ou móbiles, ou outros centros de almacenamento temporal dos que dispoñan as entidades locais
 - iii. Calquera outro sistema de recollida municipal de residuos previstos polas ordenanzas locais

- iv. Subscrición de acordos con instalacións de recollida autorizadas
 - v. Subscrición de acordos coas entidades de economía social ás que se refire o artigo 5 da Lei 5/2011, de 29 de marzo, de economía social, autorizadas para a recollida de RAEE
- c) Adaptación dos puntos limpos ao Real decreto 110/2015: realización dun estudo previo que permita cuantificar as necesidades de obra, dotación de medios etc. para a súa adecuación e posterior redacción e execución dos proxectos de obra.
 - d) Incluír dentro das instalacións de recollida espazos habilitados para os RAEE que poidan ser destinados á preparación para a reutilización.
 - e) Incremento do número de puntos de recollida de RAEE nas canles establecidas na lexislación.
 - f) Campañas de comunicación dirixidas á cidadanía para asegurar unha correcta xestión dos RAEE mediante a súa entrega nos puntos de recollida establecidos, evitando o seu abandono na vía pública ou a súa entrega a través de canles non previstas na lexislación.
 - g) Cando se opte por organizar a xestión de todas ou algunhas das fraccións dos RAEE que se recollan sen a intermediación da oficina de asignación, informarán a esta da súa intención antes de que se inicie o ano natural. Esta decisión terá unha duración mínima anual.
 - h) Cooperación administrativa co resto de entidades locais, autonómicas e estatais en materia de xestión de residuos.
3. Fortalecemento da inspección e control:
- a) Reforzo do programa de inspección para o control da recollida de RAEE nas canles de distribución e nos puntos limpos e dun adecuado tratamento destes residuos.
4. Información ás e aos usuarios:

Os concellos e outras entidades locais informarán ás e aos usuarios sobre os aspectos relacionados coa recollida no ámbito municipal e, polo menos, sobre as seguintes cuestións:

- a) As instalacións e medios previstos para a recollida separada de RAEE nos municipios. En todo caso informarán sobre: horarios, localización e periodicidade das recollidas, no caso de instalacións móbiles; horarios e localización das instalacións fixas de recollida de RAEE autorizadas no municipio, tanto municipais como privadas; e fraccións ou grupos de recollida de RAEE que se poden depositar en cada unha

delas.

- b) As organizacións, empresas e recolledores, incluídos aqueles que actúen no ámbito da economía social, que poidan levar a cabo a recollida e a xestión dos RAEE domésticos. No caso de que as entidades locais así o consideren, ou non teñan suficiencia de medios, esta información será subministrada pola comunidade autónoma correspondente.

As entidades locais co resto de administracións públicas informarán ademais sobre:

- a) A relevancia da prevención, así como da correcta recollida e xestión de RAEE, segundo o previsto neste Real decreto.
- b) A relevancia da implicación da cidadanía na reutilización e reparación dos aparellos eléctricos e electrónicos usados, a recollida separada, a preparación para a reutilización, a reciclaxe e outras formas de valorización dos RAEE.
- c) A relevancia da implicación dos distribuidores na recollida separada dos RAEE e no cumprimento das súas obrigas derivadas deste Real decreto.
- d) A relevancia da implicación dos produtores de AEE na recollida separada dos RAEE e no principio de responsabilidade ampliada dos produtores.
- e) O cumprimento dos obxectivos mínimos de recollida separada, así como dos obxectivos de valorización, unha vez que estes datos estean dispoñibles. Esta información farase pública, polo menos, nas páxinas web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e das comunidades autónomas.

9. DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza será publicada no boletín oficial correspondente e non entrará en vigor ata que transcorra o prazo previsto no artigo 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local. O procedemento que se debe seguir será o recollido no artigo 49 da mesma lei.